

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/21	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de xuño de 2024
Duración	Dende as 13:45 ata as 14:06 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula M ^a Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 14.06.2024

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 14 de xuño de 2024.

Expediente 213/2024. RESOLUCIÓN MUTUO ACORDO DO CONTRATO POR LOTES DO SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2024.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Á vista de do interese do Concello de Silleda e do contratista de resolver por mutuo acordo o Lote 1 e 2 do contrato do servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do concello de Silleda do ano 2024.

Visto que se pon en coñecemento a produción dos seguintes feitos que poden ser constitutivos de causa de resolución do contrato:

Prodúxose a rotura da maquinaria a utilizar polo contratista, e aínda que o período necesario para a súa reparación, faría posible realizar os desbroces totais de ditos Lotes dentro do prazo fixado no contrato, sería necesario acudir a prórroga recollida no mesmo, polo que non poderían facerse nas vindeiras datas o desbroce definido na calendarización de limpeza dos viarios determinado pola celebración de festas e o alto risco de incendios que nesa zona podería producirse pola concentración de vehículos etc...

Visto a imposibilidade de que ditas zonas queden desbrozadas en tempo, e para maior seguridade da veciñanza, plantéxase a resolución do contrato por mutuo acordo das partes, facendo os desbroces dos terreos incluídos no Lote 1 e lote 2 polo Concello de Silleda cos seus efectivos propios.

Visto o informe de Secretaría asinado o 21 de xuño de 2024.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 190, 191 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e por avocación recollida no artigo 10 da Lei 40/2015 das competencias previamente delegadas.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Incoar o procedemento para acordar a resolución por mutuo acordo das partes dos Lote 1 e Lote 2 do contrato do servizo de roza e limpeza das cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do concello de Silleda.

SEGUNDO. Dar audiencia ao contratista dos Lotes 1 e 2 do contrato do servizo de roza e limpeza das

cunetas, beiravías e noiros dos camiños de competencia municipal do concello de Silleda por prazo de dez días naturais para amosar a súa conformidade coa resolución proposta.

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno na seguinte sesión a celebrar.

Expediente 903/2024. “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33”.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

I.- Vista a Resolución de concesión de subvención concedida para a execución da obra denominada “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” subvencionada ao ORDE do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519B), pendente de cofinanciación ao abeiro do Programa Mais Provincias da Deputación de Pontevedra.

II.- Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” por importe de 145.138,39 euros, IVE engadido.

III.- Vista a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais e o cumprimento da normativa urbanística:

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Augas de Galicia-.

Un tramo del acceso por el margen izquierdo y la salida por el margen derecho a la carretera N-525 P.K. 301+780 discurren por la zona de policía de cauces del “Regato de Mera”.

Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible.

Las actuaciones en el parque empresarial discurren con la carretera nacional N-525 entre el P.K. 301+100 y el P.K. 301+780.

IV.- Visto que constan presentadas ambas solicitudes.

V.- Visto o informe positivo de supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

VI.- Vista a Acta de Reformulo.

VII.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 07 de xuño de 2024 na que se procede á aprobación do proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: “MELLORA DE

INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” por importe de 145.138,39 euros, IVE engadido, e acórdase o INICIO do expediente de contratación.

VIII.- Vistos os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares de data 21/06/2024.

IX.- Visto o informe de xurídico de data 21/06/2024.

X.- Visto o informe de Intervención de data 21/06/2024.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de obra de “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33” polo valor estimado de 119.949,08 €, máis 25.189,30 € de IVE, o que fai un total de 145.138,39 €.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 145.138,39 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 454-619 2024/0007.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO “MELLORA DE INFRAESTRUCTURAS VIARIAS DO PARQUE EMPRESARIAL AREA 33”, A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO, cun orzamento de 145.138,39 euros.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

Expediente 1028/2024. Contratacións. PROXECTO INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA” INCLÚIDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.

Visto o Proxecto redactado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz denominado: INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA por importe de 57.979,42€ (IVE ENGADIDO)

Visto o Informe emitido polo técnico municipal sobre a procedencia de solicitar autorizacións sectoriais no que se indica: “A execución das obras planeadas no proxecto referenciado non precisa de autorización sectorial algunha.”

Visto o informe positivo de supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro.- Aprobar o proxecto INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA por importe de 57.979,42€ (IVE ENGADIDO) nos termos do artigo 233 Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e de conformidade coa da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Segundo.- Que se de inicio ao expediente de contratación da obra INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA por importe de 57.979,42€ (IVE ENGADIDO), solicitando ao persoal técnico competentes a redacción dos pregos que rexerán o proceso.

Expediente 1269/2023. INCOACIÓN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistas as numerosas denuncias sobre a actividade realizada no local sito na Rúa Venezuela nº 9 do termo municipal de Silleda.

Visto o informe da policía local (N/Ref 251/22) no que se pon de manifesto que o local tivo diversos cambios de titularidade de actividade, e que no seu interior fixéronse diversas obras de acondicionamento e cambio de distribución de gran envergadura polo que as características actuais do local non se axustan a licenza que posúe. E que polo tanto se está a levar a cabo unha actividade sen licenza.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Ordenar a incoación do expediente de restablecemento da legalidade infrinxida e da realidade física alterada en relación ao local sito na Rúa Venezuela nº 9 desta localidade, destinado ao exercicio de actividade consistente en BARES DE CATEGORÍA ESPECIAL – PUB., e cuxo persoa responsable é Don NICOLAE DAN JELNEAN, con domicilio en la calle Trasdeza, nº 75, 2º A, 36540 – Silleda (Pontevedra) y con NIE Y2302088D.

SEGUNDO.- Propoñer a medida cautelar de SUSPENSIÓN E CLAUSURA DA ACTIVIDADE, así como adopción das medidas de seguridade que se consideren necesarias.

TERCEIRO.- A notificación do presente Acordo ao titular ou ao encargado da actividade implica a apertura do trámite de audiencia para que nun prazo improrrogable de quince días poida manifestar o que considere adecuado e acreditar a legalidade da actividade. Transcorrido este prazo, a administración competente adoptará, se procede, o acordo definitivo de suspensión da actividade.

CUARTO.- Apercibir ao interesado de que, constatado polos efectivos da policía local ao servizo deste Concello, se tras a adopción do acordo de medida cautelar de suspensión da actividade, o titular non paraliza a actividade no prazo de 48 horas, procederase, por vía de execución forzosa, conforme ao disposto no apartado 2 do artigo 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas -LPACAP-, á citación previa dos seus responsables, e precintaranse a actividade. Así mesmo, en caso de perigo da seguridade ou a saúde das persoas, renderanse contas do acordo de medida cautelar de suspensión da actividade ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica, auga potable, telecomunicacións e outros, para que interrompan inmediatamente a subministración no prazo máximo de 48 horas.

QUINTO.- A paralización e clausura manteranse mentres persista a irregularidade que motivou a adopción da medida cautelar de suspensión da actividade.

SEXTO.- Se a persoa infractora incumpre o acordo de medida cautelar de suspensión da actividade ou rompe os precintos obrigará a que o órgano actuante comuníqueo ao Ministerio Fiscal a fin de determinar as responsabilidades penais que poidan existir e, independentemente, iniciárase o procedemento sancionador.

SÉTIMO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, con indicación do réxime de recursos procedente, e dar traslado do mesmo, igualmente, aos servizos técnicos municipais e a Policía Local.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE